

Da confesión co cura saíu a determinación: erixir un fermoso e grande santuario onde se atopaba a capeliña adicada á virxe, nacida nunha buraca daquela pedra na que a Señora tamén tiña unha pia para lavarse e un oco para o xabrón e outro para o peite. O Cura Vello vira, ó fin, a oportunidade de levar a cabo a idea do gran Rodrigo de Castro; e, por aquela, a Virxe escapaba a miúdo para o penedo onde, con outros nomes, lle rendiran tanto culto. ¡Trebopala!, parecía escoitar, mentras recordaba as ofrendas nos ocos da pedra nos que aínda se manifestaba o seu poder de deusa. Así que O Cura Vello de Pinol, do que din que abría as pedras encantadas co rezo, despois de escoitar abraiado o testimonio fervoroso dos humildes pastores, puxo man á obra e xunto cos canteiros de Vilameá e outros traballadores da zona, trouxo unha brigada de portugueses, afamados talladores da pedra. Con eles veu, xoven e solteiro, andada a segunda metade do século XVIII, o tataravó da Rosalía de Santiorxo que culminaría a torre do santuario, a última pedra coa bola e a cruz, e faría os cruceiros de Santiorxo e de Lobios. Sabemos que O Cura Vello de Pinol e O Coxo de Bulso esfacháronse por un problema de cartos e o edificio quedou sen rematar; por iso, ó pouco, apareceron os de de Brosmos

pola pedra picada sen colocar que lles vendera o cura a pesares da oposición dos veciños da freguesía (con ela fixeron parte da igrexa de Santa Cruz), e sabemos, tamén, que o de Bulso acabou purgando as culpas obrando na rúa das Panaderías da Coruña.

Persoeiros que nos saen ó camiño dándolle unidade, e facéndonos partícipes do mesmo tempo sen tempo. Persoeiros como José Rodríguez Blanco de Santo Tirso de Maceda e Esperanza Cid do Nogueiro, que se viron por primeira vez para casarse a cada beira do río Sil; ou Manuela Pérez Vázquez e Eladio Trigo, morto en Buenos Aires no 2007, unidos para sempre o cruceiro do Campo de Bulso, feito coa dura pedra de Cadeiras; Alfonso XI e Nóboas y Lamas das terras de Brosmos en Viladime de Arriba; Constanza Vázquez Somoza, a derradeira abadesa do mosteiro de Lobios, e Frei Rodrigo de Valencia, ás ordes de Isabel e Fernando; e a Paula de Veliños, a pequena espilida sabedora dos mensaxes daqueles que escribían nas pedras (O Preguiceiro, A Chá, O Monte de Veliños) e a Saleta de San Pil descubridora dos petroglifos do Agro, do Barcal e de Cadeiras. Todos e tantísimos máis como as tres irmáns que quedaron preñadas ó mesmo tempo – semellante ó mítico bíblico de Eva e á árbore da sabiduría– por beber na fonte prohibida de Vilameá.

Todos pregoando a mistura das idades por estes camiños que volven ó lugar de partida ou se espaxen en cada punto en infandas posibilidades. Sempre está o cerne noso en cada paso. Eso é o que importa.



Por terras de Brosmos




O coxo de Bulso

O Coxo de Bulso trouxera das américas dúas cousas: moitos cartos e a alma enchoupada de remorsos. Crimes que todo o mundo cría intuír no ser atormentado que voltara despois de moitos anos a pobre casa de Pipín de Arriba: envellecido, pouco sociable e arrastrando con dificultade aquela perna tulleita. Mais, rico, e, sobre todo, con aquela determinación case fanática reloucándolle nos ollos como, case un pícaro, tiña cando decidira marcharse a outros mundos a probar fortuna. *Eivos de acantazar cos cartos*, díxerlle ós pais. Pero había tempo que os pais non estaban, e naquela casa solitaria por onde se colaban os pesadelos decidira facer algo para aminguar as culpas, que te perseguen aínda que haxa océanos polo medio.

- Sober, 2 de Marzo de 2008 -





Por terras de Brosmos



DATOS

Lonxitude	12300 m
Desnivel	152 m
Tempo	260 min.
Dificultade	Baixa

 Inicio Roteiro
 Roteiro de Sendeirismo

-  Adega
-  Casa Brasonada
-  Cantina
-  Capela
-  Castro
-  Cruceiro
-  Igrexa
-  Igrexa Románica
-  Miradoiro
-  Muiño
-  Petroglifo
-  Restos Romanos